

PRESENTACIÓN

O próximo **sábado 9 de maio de 2026**, a **SM Ártabros** e o **Club de Orientación Liceo**, en colaboración co **Club Gallaecia Raid**, organizan dúas probas da Liga Galega de Orientación na contorna da **Praia de Bastiagueiro** (Oleiros, A Coruña).

O obxectivo de ambas probas é ofrecer continuidade ao calendario das probas das Ligas Galegas nun ámbito xeográfico no que hai moitas persoas deportistas que practican a modalidade deportiva da orientación, á vez que dar visibilidade e facilitar a participación en mapas próximos a contornas urbanas a novas persoas interesadas e mesmo a estudantes e persoal da Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física de no seu 40 aniversario.

Trátase dunha carreira cun formato **innovador**. O evento constará de **dúas probas enlazadas en formato non-stop**, primeiro unha proba de **distancia media (saída por hora asignada)** e de seguido, cun período de descanso en espazo acoutados, unha proba de **sprint (saída start)**. Tamén existirá a posibilidade de participar soamente nunha das dúas probas para quen o prefira (*máis información en próximos boletíns*).

A proba de sprint será a primeira cita da Liga Galega 2026, mentres que a distancia media corresponderá á cuarta proba da tempada.

ORGANIZACIÓN

Club organizador: [Sociedad de Montaña ÁRTABROS](#), Club de Orientación Liceo e [Club Gallaecia Raid](#)

Director de proba: Jorge Piñeiro

Trazados: Jorge Piñeiro

Xuíces de Cronometraxe: Natalia Pedre, Javier Arufe e Alfonso Mancera.

Xuíz controlador designado por FEGADO: Francisco Varela (Club de Orientación Compás).

CENTRO DE COMPETICIÓN

Centro de competición: [Aparcadoiro das Pistas de Atletismo da Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física \(UDC\) en Bastiagueiro](#)

Coordenadas GPS: 43° 20' 20.36" N, 8° 21' 33.92" O

DATA E MAPAS

Data: Sábado 09 de maio de 2026.

Cartógrafo: Javier Arufe

Mapa distancia media: **LIÁNS** (Oleiros) | Rexistro FEDO C-11618-15 actualizado en abril 2026.

Mapa sprint (novo): **TRECE ROSAS – AS GALERAS** (Oleiros) | Rexistro FEDO C-4040-26 | abril 2026 | Escala: 1:3.000 | Equidistancia: 2 m

Prohibición de acceso a mapas dende a publicación deste boletín, quedando embargados a contorna da Praia de Bastiagueiro, Bosque dos Veciños, recinto interior e exterior da Facultade de Ciencias do Deporte e da Educación Física da UDC (antiga INEF), Parque das Galegas e Parque das 13 Rosas e Contorna.

HORARIOS e SEGURIDADE

Adiantamos que como medida de seguridade **estará prohibido expresamente o cruce a nivel da Avenida Ernesto Che Guevara**. No mapa estará representada esta prohibición e estarán marcados os pasos obrigados polas pasarelas elevadas existentes.

Máis información en próximos boletíns.



4ª PROBA LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN A PÉ 2026

1ª PROBA LIGA GALEGA DE SPRINT 2026

OLEIROS (A CORUÑA) | Sábado 09 de maio de 2026

A proba da Liga Galega celebrarase en **horario de mañá** e pola tarde haberá unha actividade de **tecnificación** dirixida a rapazas e rapaces da FEGADO para o que se publicará unha noticia independente na web da FEGADO.

CATEGORÍAS

Categorías oficiais:

- **M-12, F-12:** persoas que cumpren 12 anos ou menos en 2026 (*nadas en 2014 ou posteriores*).
- **M-14, F-14:** persoas que cumpren 14 anos ou menos en 2026 (*nadas en 2012 ou posteriores*).
- **M-16, F-16:** persoas que cumpren 16 anos ou menos en 2026 (*nadas en 2010 ou posteriores*).
- **M-18, F-18:** persoas que cumpren 18 anos ou menos en 2026 (*nadas en 2008 ou posteriores*).
- **M-21, F-21:** sen límite de idade.
- **SENIOR, F-SENIOR:** sen límite de idade.
- **M-35, F-35:** persoas que cumpren 35 anos ou máis en 2026 (*nadas en 1991 e anteriores*).
- **M-45, F-45:** persoas que cumpren 45 anos ou máis en 2026 (*nadas en 1981 e anteriores*).
- **M-55, F-55:** persoas que cumpren 55 anos ou máis en 2026 (*nadas en 1971 e anteriores*).
- **M-65, F-65:** persoas que cumpren 65 anos ou máis en 2026 (*nadas en 1961 e anteriores*).

Categorías non oficiais:

- **Iniciación curta:** sen límite de idade.
- **Iniciación longa:** persoas que cumpren 16 anos ou máis en 2026 (*nadas en 2010 ou posteriores*).

PERCORRIDOS

Máis información nos próximos boletíns.

PREZOS E INSCRICIÓNS

Inscripcións abertas ata as **23:50 horas do domingo 03 de maio do 2026**

Prezos:

- **Persoas federadas da FEGADO:**
 - Categorías M/F-16 e inferiores: 2,0 € / proba
 - Categorías M/F-18: 7,0 € / proba
 - Categorías M/F-21 e superiores: 10 € / proba
 - Iniciación Curta: 2,0 € / proba.
 - Iniciación Longa*: 2,0 € / proba.
(* cumpren 16 anos ou máis en 2026)
- **Persoas federadas doutras FEDERACIÓNS TERRITORIAIS:**
Inscripcións a alfonsomancera@gmail.com (información na seguinte páxina).
 - Categorías M/F-16 e inferiores: 2,0 € / proba
 - Categorías M/F-18: 7,0 € / proba
 - Categorías M/F-21 e superiores: 10 € / proba
 - Iniciación Curta: 2,0 € / proba.
 - Iniciación Longa*: 2,0 € / proba.
(* cumpren 16 anos ou máis en 2026)



4ª PROBA LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN A PÉ 2026

1ª PROBA LIGA GALEGA DE SPRINT 2026

OLEIROS (A CORUÑA) | Sábado 09 de maio de 2026

- **Persoas non federadas NON socias da SM Ártabros nin do Liceo:**
Inscripcións e pago cubrindo o formulario na web de ÁRTABROS ([neste formulario](#)).
 - Iniciación Curta: 2,0 € / proba + 2,5 € de licenza de día (válida para as dúas probas).
 - Iniciación Longa*: 2,0 € / proba + 2,5 € de licenza de día (válida para as dúas probas).(*) cumpren 16 anos ou máis en 2026
- **Persoas non federadas socias da SM Ártabros ou do Liceo:** soamente aboarán o prezo da licenza de día as persoas **MAIORES** de idade, o club correrá cos gastos da licenza das persoas **MENORES**.
Inscripcións e pago cubrindo o formulario na web de ÁRTABROS ([neste formulario](#)).
 - Iniciación Curta: 2,5 € / día (válida para as dúas probas).
 - Iniciación Longa*: 2,5 € día (válida para as dúas probas).(*) cumpren 16 anos ou máis en 2026
- **Aluguer tarxeta SPORTident (SI):** 3 €/ proba (de balde para persoas socias de Ártabros e Liceo). É **obrigatorio** o uso de tarxeta SPORTident individual para todas as categorías. Asignarase automaticamente unha tarxeta SPORTident en alugamento a quen non indique o número de tarxeta nos datos de inscrición. A **perda** da tarxeta SPORTident obriga á súa reposición.
- **Inscrición das persoas federadas na FEGADO:** As inscricións realizaranse como é habitual seleccionando o evento correspondente a través da intranet da FEGADO.
 - Inscricións no evento da web da FEGADO [\[inscrición distancia media bosque\]](#)
 - Inscricións no evento da web da FEGADO [\[inscrición sprint urbano\]](#)
- **Inscrición das persoas federadas nun club NON pertencente á FEGADO:**
 - As inscricións deberán realizarse enviando un correo a alfonsomancera@gmail.com indicando **nome completo, DNI, club, data de nacemento, categoría** (nos resultados figurará "NC-Non Compite") e achegando o **xustificante de pago**.
 - O **pago das inscricións** realizarase na conta nº **ES25 2080 5565 0030 4000 2362** de ABANCA. A cantidade a ingresar será a suma das inscricións, máis 3 euros por cada corredor que alugue tarxeta SI. No concepto do ingreso indicar: **71100429 OLEIROS + nome do club/corredor que se inscribe.**
- **Inscricións das persoas NON federadas en orientación:**
 - Inscricións e pago cubrindo o [formulario na web de ÁRTABROS](#)
 - Disponibles iniciación curta e iniciación longa*.(*) cumpren 16 anos ou máis en 2026

NORMATIVA DE APLICACIÓN

A presente proba é una competición oficial de la Federación Galega de Orientación (FEGADO) e polo tanto serán de aplicación obrigatoria tanto o [Regulamento FEGADO O-Pé e O-Pé Sprint 2026](#) e os seus correspondentes ANEXOS, así como as [Normas Anuais FEGADO O-Pé 2026](#).

Tamén son de aplicación as [Cotas e Acordos FEGADO para a TEMPADA 2026](#).



4ª PROBA LIGA GALEGA DE ORIENTACIÓN A PÉ 2026

1ª PROBA LIGA GALEGA DE SPRINT 2026

OLEIROS (A CORUÑA) | Sábado 09 de maio de 2026

ORGANIZAN E COLABORAN

ORGANIZAN:



COLABORAN:

